

Esa cultura de comunicación brilla pola súa ausencia e con esa ausencia condenámonos a manter un lugar subalterno que nos foi asignado na historia e que se nos traduce de súpito nunha autoestima intelectual moi baixa e sempre dependente, sempre decadente.

¿Pero de onde máis se vai desenvolver? Se non se desenvolve a partir das universidades nunha comunicación permanente coa sociedade, difícilmente se poderá conseguir. E así, a estratexia para perpetua-la dominación semella moi clara e moi nítida: desactiva-las universidades e os centros de investigación e con isto reducirse áinda máis os graos de auto-determinación que como sociedade e culturas nos urxe gañar e adquirir.

Con isto impídense o desenvolvemento dunha verdadeira masa crítica de xeradores de información e de investigación que sexa capaz de desenvolver, apropiarse e distribuí-las necesidades e as capacidades de tódolos "diferentes" de maneira horizontal. Non se trata de arrasa-las diferencias, senón, pola contra, trátase de cambia-la organización que "nos utiliza" para deseñar outra que poidamos usar e sometela para suscitar-las diferencias, para contemplármolas con detalle e para producirmos plataformas dialóxicas que constrúan espacios más amplos, elaboracións aseadeas más cheas de detalle e de perspectiva.

Considero que é importante modificar e intervir na maneira na que nos organizamos para xerar coñecemento e que efectivamente esa forma non se pode separar do coñecemento mesmo. O que queremos facer é redeseñar de maneira horizontal e participativa a forma na que xogamos ó xogo de coñecer.

E como ben dicía J. P. Carse: hai dous tipos de xogos. Os xogos finitos, nos que se trata sempre de gañar, como o fútbol, onde ó rematar alguén gaña e alguén perde. Pero tamén hai xogos infinitos nos que o obxectivo do xogo non é gañar, senón xera-las condicións para que todos poidamos seguir xogando.

A palabra está nas universidades e nas súas comunidades académicas en diálogo creativo. O reto está exposto e os medios tecnolóxicos están por vez primeira na historia ó alcance para que ó organizármonos e desenvolvermos estas tres culturas de información, de investigación e de comunicación, poidamos de maneira realista someter toda a técnica que decidamos ó espírito que tecemos e podemos seguir tecendo.

## OS INVESTIGADORES UNIVERSITARIOS DIANTE DA DIVERSIDADE CULTURAL

Francisco Fernández Rei  
Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago

Antes de nada quero agradecerles ós organizadores destas Xornadas, e particularmente ó profesor Xosé López, o convite que me fixeron. Nada teño que ver cos medios de comunicación nin co ensino e a investigación nunha Facultade de Ciencias da Información. Son un filólogo, que desde hai máis de vinte anos leva unha especie de dobre vida académica na Universidade de Santiago de Compostela: polas tardes, e ás veces de mañá, investigo sobre o galego no ILG (Instituto da Lingua Galega) e polas mañás son profesor da Facultade de Filoloxía.

Durante vinte anos expliquei Filoloxía e Lingüística Románica, e ultimamente ensino Sociolingüística Románica, con especial atención á situación social e cultural das linguas e variedades minorizadas. Céntrome en situacions das que non se fala nos medios de comunicación de Galicia nin do resto do Estado español, como o plurilingüismo do Friuli, encrucillada do mundo románico, xermánico e eslavo, onde a lingua maioritaria é a friulana usada por Pasolini en poesía e en teatro; ou o plurilingüismo de Sardeña, onde un millón de persoas falan variedades sardas pero con escasa autoestima da súa fala e onde existen minorías que falan corso, catalán, ligur e mesmo friulano e véneto, aínda que oficialmente a lingua de todos é o italiano. Analizo tamén as diversas situacions do catalán en España: a de Cataluña é coñecida porque se fala dela constantemente nos medios, cando non é pola inmersión lingüística é pola nova lei do catalán ou nas últimas semanas polo caso da Universitat Rovira i Virgili de Tarragona e os exames en catalán na selectividade, pero ben pouco se trata a situación do catalán en Valencia, nas Baleares ou en Aragón.

E tamén analizo a situación de minorías como a romanche suíza, uns 50.000 falantes que nestes momentos teñen algúns dereitos dos que carecen os varios millóns de catalán e de galeofalantes, como é o derecho a teren un pasaporte ou unha carta de identidade en romanche ou a veren no papel moeda a súa lingua a carón das outras linguas da Confederación Helvética.

Na miña intervención nesta mesa redonda vou referirme a estes dous aspectos, ó da investigación que sobre o galego se fai no Instituto da Lingua Galega e á atención ás linguas minorizadas románicas por parte

dalgúns membros do ILG e dalgúns profesores da área de Filoloxía Románica do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago. Para min estas dúas facetas, a de investigador galeguista e a de docente e investigador romanista, están totalmente interrelacionadas, pois na miña docencia -que sempre fixen en galego como persoal contribución á dignificación do uso da lingua propia de Galicia- calquera aspecto de calquera lingua románica sempre procurei (e procuro) explicalo desde Galicia, confrontándoo na medida do posible co que ocorreu (ou ocorre) na lingua galega, sexa o proceso de construción da lingua literaria romanesa aparellado ó proceso de construción da nación romanesa, sexa a análise da eterna *questione* da procura da lingua culta italiana (desde Dante no séc. XIV a Manzoni no séc. XIX) ou a análise lingüística da complexa tipoloxía de perfectos irregulares do italiano.

E paso a falar en primeiro lugar do ILG e do que se fixo e se fai tanto pola promoción como pola codificación e a investigación da lingua galega<sup>1</sup>.

## 1. O ILG e a promoción e investigación do galego

O actual ILG é un instituto universitario propio da Universidade de Santiago de Compostela, que ten entre os seus obxectivos principais o desenvolvemento da investigación científica e técnica no campo da lingüística galega, tanto sincrónica como diacrónica, labor que vén desenvolvendo ininterrompidamente desde a aprobación do seu proxecto de creación o 26 de xullo de 1971 ó abeiro da Lei de Educación daquela vixente, que prevía o estudio das denominadas "lenguas vernáculas", e dos Estatutos Provisionais da USC, que permitían a creación de institutos de investigación supradepartamentais.

En 1971 pensábase nunha grande institución que desde a Universidade aglutinase as entidades dedicadas ó estudio ou á promoción da lingua galega. A este proxecto contribuíron, xunto coa propia Universidade compostelá, o Instituto Padre Sarmiento, a Real Academia Galega, a Fundación Barrié de la Maza Conde de Fenosa, a Fundación Penzol e o Centro de Estudios Fingoi, institucións que estiveron representadas no Patronato do ILG, presidido polo rector da USC.

Ademais do Patronato, os estatutos da creación do ILG fixaban a existencia dun Consello de Dirección, integrado por catedráticos de disciplinas filolóxicas da antiga Facultade de Filosofía e Letras (o catedrático de Filoloxía Románica, o de Lingüística e Literatura Galega e o de Gramática Histórica), o daquela único profesor de Filoloxía Galaico-Portuguesa, un

1. No relativo ó ILG sigo un traballo que sobre esta institución redactei para un tomo monográfico sobre a lingua galega que vai publicarse como anexo da *Gran Enciclopedia Gallega*.

representante dos investigadores cando os houbese, doux catedráticos ou investigadores de materias lingüísticas afíns, nomeados polo rector por proposta do Patronato, e o secretario do Instituto.

Actualmente o ILG réxese por un Consello de Goberno que preside o rector da USC e que integran senllos representantes da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, da Real Academia Galega, do Consello da Cultura Galega e da Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, así coma o decano da Facultade de Filoloxía da USC, o director do Departamento de Filoloxía Galega da USC e o director e o secretario do ILG.

Tódolos membros doutores do persoal científico do ILG integran o actual Consello Científico, presidido por un director. Desde a súa creación en 1971 ata novembro de 1990 para a dirección foi nomeado Constantino García, quen nada máis ocupa-la cátedra de Filoloxía Románica da USC en 1966 comezou a dedicar xente e recursos para traballar no ámbito da materia de lingüística galega, daquela praticamente descoñecida para os romanistas. Desde finais de 1990 á actualidade (abril do 2000) o director do ILG é Antón Santamarina.

### 1.1. Promoción do galego

En 1975 o ILG, en colaboración co Instituto de Ciencias da Educación da USC, empezou a formación do profesorado de lingua galega de EXB, labor que continuou nos comezos dos anos 80 a través da Subdirección Xeral do Ensino da Lingua Galega da Xunta de Galicia preautonómica. Antón Santamarina Fernández, daquela secretario do ILG, no breve período en que actuou como primeiro responsable dessa Subdirección, introduciu a lingua e a literatura galega no ensino non universitario e puxo as bases para a habilitación de mestre e de profesor de galego e a estrutura dos cursos de reciclaxe para mestres e profesores.

Ramón Lorenzo foi responsable das primeiras programacións de lingua galega no bacharelato e en COU. E membros do ILG foron os diferentes coordinadores do Seminario de Lingua Galega de COU para todo o distrito universitario galego, así coma os que impartiron a docencia teórica e práctica nos Cursos de Verán de Lingua e Cultura Galega para Estranxeiros dirixidos por Manuel González González desde o ano 1988.

Membros do ILG foron os asesores lingüísticos das revistas *Vagalume. Publicación infantil e xuvenil* (1975-78) e *Teima. Revista galega de información xeral* (1976-77), as primeiras publicacións periódicas non clandestinas escritas enteramente en galego en Galicia despois de 1936. Por outra parte, o ILG participou na traducción do actual *Misal Romano* (1987); e deste Instituto ou dos seus cursos de formación saíu a maior parte dos pri-

meiros asesores lingüísticos de diferentes organismos da administración: Radio e Televisión Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia, Xunta de Galicia e Audiencias.

Ademais no seo do ILG elaboráronse vocabularios xurídicos e administrativos, así como cadernos de formularios (*Formularios de documentación municipal*, I e II 1986, III 1988; *Formularios da administración educativa de Galicia*, 1988).

## 1.2. Codificación do galego

A preocupación do ILG pola depuración e pola unificación do galego escrito, observable desde a publicación de manuais para ensino do galego para adultos *Galego 1* (1971), *Galego 2* (1972) e *Galego 3* (1974), levouno a coordinar uns seminarios, desde decembro de 1976 a xuño de 1977, nos que participaron investigadores do propio ILG, algúns académicos da RAG e escritores e lingüistas con diferentes sensibilidades sobre a norma do galego. Os resultados deses seminarios foron as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do idioma galego* (1977), texto que constituíu un paso importante no proceso de estandardización do galego moderno.

Estas *Bases* foron o punto de partida sobre o que traballaron os membros do ILG e da RAG que redactaron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* de 1982 (de 1996 a 15<sup>a</sup> ed.), que foron oficializadas en novembro de 1982 (Decreto 1731/82 da Xunta de Galicia). E membros do ILG, a título particular, participaron no equipo de galegos e asturianos que redactaron as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* (1990), que editou a MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca).

De 1989 é a publicación (en edición non venal) do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (versión provisional), coñecido como VOLG, e que no seu día foi coeditado coa RAG. Son unhas 50.000 entradas coas que se pretende fixa-las formas consideradas correctas no galego moderno, polo que vén a ser un complemento das *Normas ortográficas e morfolóxicas* de 1982. No relativo á selección de entradas ese *Vocabulario* foi seguido pola práctica totalidade dos autores de diccionarios e de vocabularios especializados editados nos anos 90. E foi así mesmo a base para *Corrixe. Corrector ortográfico da lingua galega* (1997), editado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, e para a nova versión que se fixo dese corrector, *Galgo* (1999).

## 1.3. Investigación do galego

As principais liñas de actuación I+D que se desenvolven no ILG son a recolleita e a plasmación cartográfica do galego oral, así como a edición

de etnotextos e a creación dun Arquivo do Galego Oral; a creación dun Tesouro Lexicográfico do galego; a elaboración dun diccionario xeral do galego; a elaboración informatizada de correctores da lingua galega; o estudio da onomástica antiga e moderna; a codificación gramatical e léxica do galego moderno; a elaboración de material didáctico para o ensino da lingua galega; a análise acústica do galego; e edición de textos medievais, a descripción do galego antigo e a das outras fases do idioma.

O ILG non conta con persoal investigador de seu. Practicamente todos doutores do Consello Científico son profesores do actual Departamento de Filoloxía Galega da USC, ben da área de Filoloxía Románica, ben da área de Filoloxías Galega e Portuguesa. O ILG organízase en seccións, que paso a enumerar xunto cos principais proxectos en curso:

### A) Sección de Lexicografía

Nesta sección Antón Santamarina dirixe desde comezos dos 90 o proxecto *Base de Datos Lexicográfica*, un enorme ficheiro electrónico que a finais de 1999 contiña uns dez millóns de rexistros, correspondentes a unhas 1.000 obras concordadas e lematizadas. Trátase de textos literarios, ensaísticos e científicos en lingua galega desde os séculos escuros á actualidade, así como escolmas de textos orais, moitos deles inéditos, que constitúen un grandioso corpus co que poder redacta-lo necesario e urgente gran diccionario do galego moderno, e a partir do cal poder tamén redactar diccionarios de uso e de sinónimos, entre outros futuros diccionarios.

Editouse no 2000 un *Diccionario de diccionarios*, texto en versión electrónica no que figuran todos os diccionarios da lingua galega do séc. XIX e os redactados ata mediados do presente século, entre eles o enciclopédico de D. Eladio Rodríguez. O responsable deste *Diccionario* é o propio Santamarina.

Desde comezos dos anos 80 o ILG colabora coa Real Academia Galega en traballos de estandardización e moi particularmente co Seminario de Lexicografía da RAG en diversos proxectos de codificación léxica do galego moderno. Así mesmo colaborou coa Dirección Xeral de Política Lingüística na elaboración de diversos vocabularios temáticos e actualmente faino na preparación de correctores informatizados para a lingua galega como os citados *Corrixe* (1997) e *Galgo* (1999). E nos 90 empezou a colaborar coa Consellería de Xustiza e Interior en aspectos de terminología xurídica e de traducción de textos xurídicos.

### B) Sección de Onomástica

Ana Isabel Boullón Agrelo é a principal responsable do *Proxecto para a elaboración dun diccionario de apelidos galegos*, para o que se parte dun corpus dunhas 20.000 entradas seleccionadas pola orde de frecuencia no

elenco onomástico. Cada entrada vai contar, polo menos, con información etimolóxica e histórica (indicando a datación máis antiga a partir das coleccións documentais medievais) e con información dialectolóxica (con atención ás posibles variantes) e xeográfica.

O ILG colabora coa Consellería da Presidencia e particularmente coa súa Comisión de Toponimia, que ten a súa sede no ILG e da que Santamarina é secretario, coa finalidade de fixa-la forma galega oficial de tódalas entidades de poboación galegas. Este ambicioso proxecto está a punto de finalizar, pois xa se publicaron os dictames dos concellos das provincias meridionais (*Nomenclátor de Galicia. Ourense, 1996; Nomenclátor de Galicia. Pontevedra 1998*) e están praticamente ultimados os dictames relativos ós concellos das provincias de Lugo e da Coruña.

### C) Sección de Dialectoloxía e Xeografía Lingüística

O proxecto máis importante desta sección é a redacción do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), para o que se fixeron os inquéritos no período 1974-77. Constantino García e Antón Santamarina son os directores do proxecto, mentres que Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González foron os investigadores que recolleron todo o material na rede de 167 puntos do dominio lingüístico galego enquisado, incluída a franxa exterior (A Terra Navia-Eo, O Bierzo occidental e As Portelas), á vez que se encargan da coordinación dos diferentes volumes. Na elaboración do ALGa participaron e participan moitas outras persoas, que a través deste proxecto cartográfico se forman e toman contacto coa investigación dialectolóxica e coa xeografía lingüística.

En 1990 publicouse o vol. I (*Morfoloxía verbal*, 2 tomos), coordinado por Fernández Rei; en 1995 publicouse o vol. II (*Morfoloxía non verbal*), coordinado por Rosario Álvarez; e en 1999 apareceu o vol. III (*Fonética*), coordinado por M. González González. Prevese a edición de nove tomos léxicos, o primeiro deles editarase a finais do 2001.

O equipo do ALGa está proxectando a elaboración dun *Diccionario Electrónico do Atlas Lingüístico Galego* para que o diccionario e o atlas se integren nun CD-ROM, de xeito que a aplicación que utilice os datos poida pasar dunha palabra do diccionario á descripción das variacións morfolóxicas, léxicas e fonéticas representadas graficamente nun mapa. Ademais, estas variacións ilustraranse co son de mostras de fala coas características máis representativas de cada bloque de variacións lingüísticas.

O ILG participa no *Atlas Linguarum Europae* (ALE) (vol. I, fasc. 1º 1983), proxecto dirixido por Mario Alinei no que se cartografan tódalas linguas europeas existentes entre Fisterra e os Urais, que conta cos auspicios da UNESCO. E tamén participa no *Atlas Linguistique Roman* (AliR) (vol. I, 1996), dirixido por Gaston Tuailhon e Michel Contini da Universidade de

Grenoble, sede deste proxecto panrománico financiado pola Comisión das Comunidades Europeas, polo Ministerio de Ensino Superior e da Investigación francés e polo CNRS. O principal responsable do ILG na confección do AliR é Manuel González. Ademais, os investigadores do ALGa recollerón o material de campo relativo ós puntos de Galicia e das comarcas estremeiras de lingua galega que van aparecer no *Atlas Lingüístico de España y Portugal* (ALEP), dirixido por Manuel Alvar, e están a colaborar en proxectos cartográficos co equipo do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa que prepara a edición do *Atlas Lingüístico de Portugal*.

### D) Arquivo do Galego Oral

Desde a súa fundación en 1971 o ILG tivo entre as súas principais liñas de investigación a recolleita sistemática do galego oral, ben para redactar monografías gramaticais e léxicas, ben para cartografiar ese material para estudos posteriores, como no caso do ALGa. Asemade, de xeito praticamente ininterrompido desde o ano 1974 á actualidade, diversos investigadores do ILG realizaron *in situ* gravacións de etnotextos en todo o dominio lingüístico do galego, á vez que dirixiron traballos académicos moi diversos nos que o material fundamental para analizar era unha mostra do galego oral con un ou con varios informantes. Estas gravacións, xunto con outras en depósito de xente allea ó ILG, conforman o *Arquivo do Galego Oral*, que desde hai uns anos está a ser organizado por F. Fernández Rei, coa colaboración de Carme Hermida.

Este Arquivo contén actualmente unhas 2.000 horas de gravacións, con voces duns 6.500 informantes da maior parte dos 315 concellos da Galicia administrativa e de parte dos 38 concellos de lingua e cultura galega da franxa exterior (A Terra Navia-Eo, O Bierzo occidental e As Portelas). Un subarquivo de etnotextos dos anos 90 constituíse, fundamentalmente, a partir de dous proxectos dos que Fernández Rei era o principal responsable *Recollida e transcripción de etnotextos para a creación do ADLG (Arquivo Dialectal da Lingua Galega)* e *Actualización do Arquivo do Galego Oral*. Este subarquivo en xaneiro de 1999 contiña as voces de máis de 4.000 informantes de diversas xeracións, nunhas 1.200 horas gravadas, correspondentes a 1.312 parroquias de 271 concellos do dominio lingüístico galego. Entre os puntos enquisados hai parroquias cunha única mostra oral e dun único informante, pero tamén as hai con varias mostras xeracionais.

A única publicación que ata o momento se fixo con etnotextos do Arquivo do Galego Oral foi o audio-libro *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (1996), edición preparada por F. Fernández Rei e Carme Hermida, en colaboración con bolseiros do Arquivo Sonoro de Galicia do

Consello da Cultura Galega. Trátase de textos de diferentes xeracións co fin de que se poida apreciar mellor a variación da lingua, e tamén coa finalidade de presentar unha panorámica de como falamos e de como estamos no mundo nós, os galegos.

#### E) Sección de Fonética e Fonoloxía

Nesta sección Manuel González e Xosé Luís Regueira dirixen o proxecto *Fonética galega*, con diversos subproxectos cos que se pretende realizar unha descripción da fonética acústica e articulatoria da lingua galega moderna, así como a entoación e a prosodia. E asemade tamén se investiga sobre a variación e a estandardización e sobre a didáctica da fonética galega.

Actualmente estase traballando no establecemento dun estándar oral, o relativo á correcta pronuncia dos sons illados, labor ó que corresponde *Os sons da lingua* (libro e CD, 1998), coordinado por Regueira.

#### F) Sección de Gramática

Rosario Álvarez Blanco dirixe o proxecto *Gramática xeral descriptiva da lingua galega*, que ten como obxectivo final unha moi ambiciosa descripción que atenda a tódalas partes da gramática moderna (fonética e fonoloxía, morfoloxía nominal e verbal, sintaxe da frase e da oración e semántica léxica), que teña en consideración as variantes dialectais, sociais e estilísticas da lingua, e tamén dirixe o proxecto dunha *Gramática da lingua galega* (Álvarez Blanco 1996), unha obra de referencia que informe do comportamento grammatical do galego de xeito conciso.

Xavier Varela Barreiro é o investigador principal do proxecto *Gramática histórica da lingua galega*, que ten como principais obxectivos a próxima publicación dun manual de gramática histórica do galego, a dixitalización de tódolos textos medievais editados ata o momento, a confección dunha base sintáctica para o estudio da historia da lingua, o contraste sistemático dos textos medievais galegos e portugueses, a elaboración dos glosarios parciais e global do galego medieval e a elaboración dun estudio da variación dialectal na fase medieval.

#### G) Sección de Lingüística Aplicada

Un equipo dirixido por Henrique Monteagudo redactou e publicou en 1993 o *Nivel soleira (versión provisional)* relativo á lingua galega, correspondente á familia das descripcións *Threshold Level* de linguas europeas, proxecto do Consello de Europa iniciado en 1971. Este *Nivel soleira* inclúe unha relación pormenorizada das funcións e das nocións requeridas para unha comunicación simple pero efectiva e os recursos lingüísticos necesarios para levalas a cabo.

#### H) Sección de Historia da Lingua

Nesta sección Ramón Mariño Paz dirixiu no período 1992-96 o proxecto *Historia do galego escrito*, do que derivaron, entre outras publicacións, estudos sobre a lingua escrita do Padre Sarmiento da autoría de Rosario Álvarez, Ernesto González Seoane, Ramón Mariño e Xosé Xove publicadas nas *Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, así coma o completo artigo de Benigno Fernández Salgado e Henrique Monteagudo "Do galego literario ó galego común. O proceso de estandardización na época contemporánea" (1995). E parte do material do devandito proxecto empregouno R. Mariño na redacción do amplo manual *Historia da lingua galega* (1998).

No relativo á historia social, a título individual e non como resultado de proxectos, hai importantes contribucións sobre diferentes aspectos da historia social da lingua galega, entre os que poden salientarse traballos de H. Monteagudo como o artigo "Aspectos sociolingüísticos do uso do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia" (1985) ou a recente *Historia social da lingua galega* (1999). E así mesmo a monografía de Carme Hermida *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, relativa á análise da conciencia lingüística no séc. XIX, publicada en 1992 (un volume de teoría e outro cunha escolma dos textos estudiados).

#### I) Edición de Textos

Ramón Lorenzo dirixiu nos últimos anos o equipo do ILG que transcribiu uns 1.800 documentos do mosteiro de Montederramo, correspondentes ós séculos XII-XVI. Nestes momentos está disposto para a súa edición o volume coa introducción, lectura e estudio deses documentos, e mesmo informatizado o material para un posible glosario. Ademais está preparando a edición de documentos do mosteiro de Oia, así como documentos de Noia e de Muros.

Fernando R. Tato Plaza editou en 1999 o *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*, que contén o texto manuscrito e mailo glosario de voces contidas na obra, excelente contribución para un futuro *Diccionario Histórico da Lingua Galega*.

#### L) Bibliografía de Lingüística Galega

Un equipo coordinado por Xosé Luís Regueira comezou en 1989 o levantamento de materiais bibliográficos para elaborar unha relación de obras, de estudios e de artigos sobre o galego. Os primeiros froitos desta investigación apareceron na revista *Cadernos de Lingua* (1990-92). O mesmo equipo redactou a *Guía Bibliográfica de Lingüística Galega* (1996),

unha selección de 2.386 fichas bibliográficas, desde Sarmiento ó remate de 1995. A guía estructúrase en dez seccións temáticas de desigual extensión. No comezo dos epígrafes e subepígrafes de cada sección os autores da Guía fan unha segunda escolma ó comentaren o valor que teñen os traballo considerados máis representativos (valor historiográfico, vixencia actual pola súa metodoloxía, indicación de se a obra é de tipo xeral ou máis ben complementaria, etc.). E mesmo hai unha terceira selección das fichas cando se indica se tal ou cal obra é a mellor ou a más completa dun campo analizado. Deste xeito cúmprese o dobre obxectivo selectivo e orientador da Guía de 1996.

#### M) Diccionario Literario Galego

É un proxecto coordinado por Dolores Vilavedra coa finalidade de redactar un compendio crítico e informativo da produción literaria galega e dos seus autores e asemade facer unha análise dos diferentes elementos que configuran o fenómeno literario desde a literatura galega. A Editorial Galaxia de Vigo foi a promotora e auspiciadora da elaboración deste *Diccionario Literario*.

Prevese a edición de catro volumes. Publicouse o vol. I Autores (1995), dedicado ós produtores de obra literaria galega, e o vol. II *Publicacións periódicas* (1997), onde se fai unha análise das principais publicacións que serviron de soporte á literatura galega. O volume III (previsto para o 2000) será un compendio e comentario das principais obras literarias, tanto da fase medieval como da moderna e contemporánea, mentres que o vol. IV se centrará nos termos literarios, estudiados desde a perspectiva da literatura galega.

#### N) Sección de Sociolingüística

A Sociolingüística é unha liña intermitente no ILG desde os anos 80. De mediados desta década é o informe *Aspectos sociolingüísticos do bilin-güismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB* (1986), elaborado por un equipo coordinado por Henrique Monteagudo. E a mediados dos 90 Modesto A. Rodríguez Neira dirixiu no seo do ILG un proxecto sobre a situación do galego na universidade compostelá, que deu como resultado o informe *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela (Resultados dun inquérito realizado no curso 1995-1996)*, editado en 1998.

Son moitos os artigos sobre diversos aspectos da situación social do galego publicados nos anos 90 por membros do ILG, entre os que salientan "Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects" de H. Monteagudo e A. Santamarina, no vol. 5 de *Trends in Romance linguistics and philology. Bilingualism and linguistic conflict in Romance* (1993), e "Sociolingüística" do galego, de Manuel González no

vol. VI, 2 do *Lexikon der Romanistischen Linguistik* (1994). A situación do galego nos medios de comunicación foi analizada por Carme Hermida en diversos artigos.

A problemática da estandardización e da elaboración do galego moderno son liñas nas que teñen traballado Santamarina, Fernández Rei e Monteagudo Romero, como se pode apreciar, por exemplo, no volume de artigos de Monteagudo *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto* (1995) ou o meu traballo "A elaboración do galego moderno. Contribución da traducción galega de *I promessi sposi* de Manzoni a este proceso" (1998). Santamarina tense ocupado, ademais, da estandardización do galego de Asturias, León e Zamora e da planificación desas falas.

O labor de investigación realizado no seo do ILG nos anos 70 e 80 sobre a descoñecida lingua galega e a difusión dese labor, ben a través de congresos de romanística, ben a través da revista *Verba* e dos seus anexos, que neses anos era dirixida por Constantino García e tiña a Antón Santamarina como secretario, fixo que os editores do *Lexikon der Romanistischen Linguistik* (LRL), unha completísima e actualizada encyclopedie da romanística que comezou a editarse en 1988, encargasen a membros do ILG a práctica totalidade das entradas relativas á lingua galega, que se publicaron no vol. VI, 2 *Galegisch, Portugiesisch / Gallego, Portugués* (1994). Agás a entrada sobre onomástica, publicada en alemán e da autoría dun romanista alemán, as entradas sobre o galego do LRL están todas en lingua galega, o que a converte na única lingua minorizada usada nesa encyclopedie, obra de referencia na romanística actual.

## 2. Estudio de linguas románicas minorizadas

Antón Santamarina e eu mesmo diriximos un proxecto relativo ó estudio da situación das linguas e variedades minorizadas da Romania, con atención á súa vitalidade etnolingüística e ó diferente grao de elaboración desas linguas, así como ós efectos da situación de plurilingüismo. A este proxecto, no que colaboran doutores da área de Filoloxía Románica non pertencentes ó ILG, corresponde a recente publicación *Estudios de sociolinguística románica. Linguas e variedades minorizadas* (1999), unha obra feita desde Galicia e en lingua galega (soamente o traballo sobre o mirandés está en portugués), onde falan especialistas en diversas linguas e variedades minorizadas, unhas cuns miles de falantes (aranés, mirandés, aragonés), outras que superan os cen mil falantes (corso, asturiano) e unhas terceiras con más do millón de falantes (sardo ou catalán). Inclúese ademais un amplo traballo sobre o romanés, lingua estatal con vinte e tantos millóns de falantes en Romania e con más de tres millóns en Moldavia, pero praticamente descoñecida a súa situación.

A maioría dos textos houbo que traducilos do orixinal inglés, francés, italiano, español... e os exemplos de cada lingua minorizada analizada están traducidos todos ó galego. Boa parte destes textos proceden de cursos, xornadas e seminarios organizados nos anos 90 por profesores da área de Filoloxía Románica da USC.

Xa estamos programando un novo volume no que se analicen outras situacions de contacto lingüístico non contempladas no primeiro e no que se actualicen algunhas das xa presentadas, co obxecto de continuar dando a coñecer desde Galicia situacions sociolingüísticas que sirvan de interese para a análise da nosa propia realidade. Con este volume -e cos que se editen no futuro- queremos contribuír á plena normalización do uso do galego como lingua científica e asemade contribuírmos a espertar dalgún xeito o interese e o estudio por esoutras situacions, nalgúns casos tan próximas física ou tipoloxicamente, pero tan afastadas polo xeral descoñecemento da súa existencia.

Nos últimos anos existe un grande interese -ou simple curiosidade- pola situación das diversas situacions de minorización, mesmo en zonas onde non hai situación de conflicto lingüístico. Estou pensando nos diversos ciclos de conferencias que sobre as linguas de España organiza a Fundación El Monte de Sevilla, ou os que recentemente se organizaron en cidades castelás como Cuenca ou Ávila. No verán de 1999 a UNED tivo un curso de verán en Ávila sobre a pluralidade lingüística de España con moitos alumnos das zonas de España onde non se fala galego, catalán ou éuscaro.

Hoxe na Universidade de Santiago contamos con profesores nativos de catalán e de romanés, e espero que algún día na USC teñamos profesores nativos doutras linguas minorizadas, como a friulana, a sarda, etc., para mellor contribuír ó coñecemento e a investigación da diversidade cultural europea.

E tamén espero que algún día en calquera universidade española poida haber ensino de lingua e de literatura galega, vasca e catalana, e mesmo da asturiana e da aragonesa. Hai agora dez anos, en marzo de 1990 os directores dos departamentos de filoloxía galega, vasca e catalana das universidades españolas dirixímonos a Javier Solana, daquela ministro de Educación y Ciencia, para que o Ministerio dotase prazas desas materias nas universidades que o solicitasesen, para así poder proporcionarles ós estudiantes españois a posibilidade de estudiaren calquera das linguas de España. No noso escrito partiamos de que no seu artigo 3.3 a Constitución española afirma que "A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección", e que establece a necesidade de adopción de medidas positivas encamiñadas a garanti-la conservación

deste patrimonio cultural. Considerabamos que unha das medidas más eficaces para levar iso a cabo consistía en garantir que as áreas de coñecemento correspondentes puidesen desenvolver un grao de actividade docente e investigadora en tó dolos centros de ensino superior, e non só nas comunidades autónomas onde se imparte galego, catalán e vasco, senón que tamén era necesario fomenta-lo estudio das linguas de España en universidades que non están dentro do seu dominio lingüístico.

Antes de achegarlle o escrito a Javier Solana levouse ó II Congreso Internacional de la Lengua Española que se celebrou en Sevilla a comezos de marzo. Alí os hispanistas aprobaron un documento no que se salientaba a importancia dos idiomas galego, vasco e catalán, pero rexeitáron totalmente a dotación de prazas para ensinar estas linguas, excusándose en razóns de diversa índole (administrativas, de competencias, de oportunidade...), tal como informaba *El País*<sup>2</sup>. A petición de apoio para a proposta do ensino de galego, vasco e catalán nas universidades españolas quedaba rebaixada ó anecdótico, ante a forza do sector encabezado polo daquela presidente da Real Academia Española, tal como salientaba *A Nosa Terra* (nº. 424, marzo 1990).

A pesar do non apoio dos hispanistas, os directores dos departamentos de filoloxía galega, vasca e catalana enviámoslle a proposta ó Ministro, á vez que lle solicitamos unha entrevista. Non houbo resposta de ningún tipo nin para a entrevista nin sobre o escrito. O mellor habería que facer de novo unha proposta semellante, pois se cadra o PP é hoxe máis sensible do que o foi o PSOE: o presidente do goberno, polo visto, fala catalán na intimidade e hai uns días o goberno do PP defendía nun organismo da ONU a política lingüística da Generalitat de Cataluña.

Remato xa esta miña intervención cunhas palabras que tomo e adapto dun meu amigo sardo, Diegu Corraine, director e dinamizador da editorial Papiros, que desde os anos oitenta publica moi diverso material só en lingua sarda: *nestes momentos en que todo o mundo defende a biodiversidade como aposta para a supervivencia do planeta, queremos apostar desde este Finisterrae románico atlántico pola etnodiversidade como garantía da supervivencia da humanidade e do equilibrio das culturas.*

2. Neste xornal madrileño pode verse información abonda sobre o debate desa proposta no congreso de hispanistas. A información a toda plana dos días 8 e 9 de marzo de 1990 relativo a ese congreso centrouse exclusivamente no debate da proposta: "Filólogos reunidos en Sevilla piden que se enseñe catalán, gallego y vasco en todas las universidades" (título do 8.3.90, p. 34) e "El congreso de Sevilla rechaza la donación de plazas para enseñar catalán, vascuence y gallego" (9.3.90, p. 35).